



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Experimentación en Química Física	Código	610G01019	
Titulación	Grao en Química			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánInglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Química Física e Enxeñaría Química 1			
Coordinación	Vilariño Barreiro, María Teresa	Correo electrónico	teresa.vilarino@udc.es	
Profesorado	Barriada Pereira, José Luis Herrero Rodriguez, Roberto Rodriguez Barro, Pilar Vilariño Barreiro, María Teresa	Correo electrónico	jose.barriada@udc.es r.herrero@udc.es pilar.rbarro@udc.es teresa.vilarino@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es			
Descrición xeral	<p>Laboratorio integrado con especial énfase nas aplicacións das principais técnicas instrumentais. Nesta materia afóndase na metodoloxía experimental da Química Física e perséguese que o alumno interprete os resultados experimentais a partir dos modelos teóricos desenvolvidos na materia de Química Física 3. O desenvolvemento dun razoamento crítico que permita integrar o experimento cos fundamentos teóricos constitúe un aspecto de grande importancia na formación integral dun químico. Por outra parte, iníciase o estudante no manexo das técnicas instrumentais máis frecuentes en calquera laboratorio de Química.</p> <p>-----</p> <p>Laboratorio integrado con especial énfasis en las aplicaciones de las principales técnicas instrumentales. En esta asignatura se profundiza en la metodología experimental de la Química Física y se persigue que el alumno interprete los resultados experimentales a partir de los modelos teóricos desarrollados en la asignatura de Química Física 3. El desarrollo de un razonamiento crítico que permita integrar el experimento con los fundamentos teóricos constituye un aspecto de gran importancia en la formación integral de un químico. Por otra parte, se introduce al alumno en el manejo de las técnicas instrumentales más frecuentes en cualquier laboratorio de Química.</p> <p>-----</p> <p>Integrated laboratory with special emphasis on applications of the main instrumental techniques. The course explores the experimental methodology of Physical Chemistry and it is intended to enable students to interpret the experimental results from the theoretical models developed in the previous course of Physical Chemistry 3. The development of critical thinking that allows integrating the theoretical experiment is a very important aspect in the overall education of a chemist. Moreover, it introduces students to the management of the most common instrumental techniques in any chemistry laboratory.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Utilizar a terminoloxía química, nomenclatura, convenios e unidades.
A5	Comprender os principios da termodinámica e as súas aplicacións en Química.
A14	Demostrar o coñecemento e comprensión de conceptos, principios e teorías relacionadas coa Química.
A16	Adquirir, avaliar e utilizar os datos e información bibliográfica e técnica relacionada coa Química.
A17	Traballar no laboratorio Químico con seguridade (manexo de materiais e eliminación de residuos).
A18	Valorar os riscos no uso de sustancias químicas e procedementos de laboratorio.
A19	Levar a cabo procedementos estándares e manexar a instrumentación científica.
A20	Interpretar os datos procedentes de observacións e medidas no laboratorio.
A21	Comprender os aspectos cualitativos e cuantitativos dos problemas químicos.
A22	Planificar, deseñar e desenvolver proxectos e experimentos.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.



B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquirir as habilidades prácticas necesarias para a cuantificación experimental das propiedades termodinámicas e electroquímicas dos sistemas químicos.	A17 A18 A19 A22	B2 B3	C3
Adquirir destreza no tratamento das magnitudes medidas no laboratorio e destreza no manexo de programas informáticos para levar a cabo o tratamento de datos experimentais.	A20 A21 A22	B2 B3	
Adquirir destreza práctica na aplicación das técnicas instrumentais máis comúnmente empregadas en Química para o estudo de sistemas de interese físico-químico.	A19 A22	B2 B3	
Analizar e interpretar o resultado dun experimento químico a partir dos conceptos teóricos fundamentais da Química Física.	A5 A14 A20 A21 A22	B2 B3	
Redactar un informe exhaustivo do traballo experimental empregando con corrección a linguaxe científica.	A1 A16 A20	B3 B4	C1 C3
Aprender a buscar, utilizar e citar a información bibliográfica necesaria.	A16	B4 B5	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas de Termodinámica Química que non requiren técnicas instrumentais.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Volúmenes molais parciais dunha mistura binaria. 2. Masas moleculares por medidas de crioscopia. 3. Actividade dun electrolito por medidas de crioscopia. 4. Masas moleculares a partir de destilación de pares de líquidos inmiscibeis. 5. Diagrama de fases dun sistema ternario. 6. Determinación da constante de equilibrio. 7. Determinación do calor de disolución do ácido benzoico por medidas de solubilidade. 8. Coeficiente de reparto. Aplicación ao cálculo dunha constante de equilibrio. 9. Determinación da solubilidade dun composto pouco soluble en diferentes medios salinos. Efecto do ion común e efecto salino. 10. Equilibrio químico. Determinación de DG0, DH0 y DS0. 11. Diagrama de fases sólido-líquido de un sistema binario.



Prácticas de Termodinámica Química que incorporan técnicas instrumentais.	<p>12. Determinación do diagrama de fases líquido-vapor dun sistema binario.</p> <p>13. Determinación espectrofotométrica da constante de equilibrio dun indicador.</p> <p>14. Caracterización dun composto de coordinación por medidas espectrofotométricas.</p> <p>15. Determinación potenciométrica do produto de disociación da auga mediante o método de Gran.</p> <p>16. Isotermas de adsorción de colorantes.</p>
---	--

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	4	6	10
Prácticas de laboratorio	56	42	98
Traballos tutelados	0	39	39
Proba mixta	3	0	3
Atención personalizada	0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Propóñense as prácticas a realizar, relacionándoas cos contidos teóricos da materia de Química Física 3. Propóñense distintas metodoloxías experimentais e discútese un procedemento experimental concreto.
Prácticas de laboratorio	Asígnase a cada alumno un determinado número de prácticas, das cales, unha parte se desenvolve en grupos reducidos e outra parte lévase a cabo de forma individual.
Traballos tutelados	<ul style="list-style-type: none"> - O alumno debe analizar os datos experimentais obtidos no laboratorio coa axuda de programas informáticos. - Cada alumno ten que elaborar o seu propio informe de prácticas que conteña os fundamentos teóricos, os resultados experimentais e a resposta a unha serie de cuestións sobre cada unha das prácticas. Este informe deberá redactar seguindo as pautas dun informe científico.
Proba mixta	Avaliación dos contidos traballados na asignatura, que se realizará unha vez finalizado o período de prácticas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Traballos tutelados	Resolver de forma individualizada posibles dúbidas do alumno e orientalo en relación cos contidos do curso.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	<p>Avaliación continua do traballo realizado polo alumno no laboratorio, considerando as destrezas e coñecementos adquiridos.</p> <p>As respostas ás cuestións plantexadas durante a realización da práctica e a obtención e elaboración dos datos experimentais, conxuntamente co informe de prácticas, constituirán o 50% da nota final.</p> <p>Competencias avaliadas: A17, A18, A19, A22, C1</p>	50
Proba mixta	<p>Proba escrita para avaliar os contidos traballados na asignatura.</p> <p>Realízase unha vez finalizado o período de prácticas. Constitúe o 50% da nota final.</p> <p>Para superar a asignatura é necesario obter un mínimo de 3,5 puntos sobre 10 na proba escrita.</p> <p>Competencias avaliadas: A1, A5, A14, A20, A21, B2, B3, C3</p>	50



Traballos tutelados	Informe das prácticas realizadas que ten que conter os fundamentos teóricos, a análise dos resultados experimentais e a resposta a unha serie de cuestións plantexadas. Informe que debe redactarse seguindo as pautas dun informe científico. O informe das prácticas conxuntamente coa avaliación continua do traballo no laboratorio constitúen o 50% da nota final Competencias avaliadas: A1, A14, A16, A20, B3, B4, B5, C1, C3	0
---------------------	--	---

Observacións avaliación

A asistencia a todos os seminarios e prácticas é indispensable para que o alumno poida superar a asignatura.

Na primeira oportunidade, a avaliación continua do traballo realizado polo alumno no laboratorio, considerando as destrezas e coñecementos adquiridos, as respostas ás cuestións durante a realización e a elaboración dos datos experimentais, xunto co informe de prácticas constituirán o 50% da nota final. Unha proba escrita constituirá o outro 50%.

A asignatura considerarase aprobada cando a media das notas obtidas nas distintas actividades suxeitas a avaliación alcance un valor mínimo de 5 puntos, sobre un máximo de 10 puntos. Para poder superar a asignatura é necesario obter unha cualificación mínima de 3,5 puntos sobre 10 na proba escrita. De non alcanzarse dita puntuación mínima, a asignatura figurará como suspensa (4.5) no caso de que a media resultante sexa igual ou superior a 5 (sobre 10).

A cualificación final do alumno poderá verse modificada ao alza ata un máximo de 1 punto pola avaliación da evolución global da progresión do alumno.

A cualificación de non presentado só a terán aqueles alumnos que non realicen ningunha sesión de prácticas no laboratorio.

Os alumnos que sexan avaliados na chamada "segunda oportunidade" só poderán optar a matrícula de honra se o número máximo destas para o correspondente curso non se cubran na súa totalidade na "primeira oportunidade".

En caso de máis candidatos a matrícula que as dispoñibles poderase realizar un exame adicional para decidir a asignación das mesmas.

Na segunda oportunidade, os alumnos que teñan superado as prácticas de laboratorio terán que realizar un examen na aula que suporá o 100% da cualificación. Os alumnos que non teñan superado as prácticas de laboratorio terán que realizar un exame práctico no laboratorio.

A proba mixta de cada oportunidade realizarase nas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Ruix Sánchez, J.J.; Rodríguez Mellado, J.M.; Muñoz Gutiérrez, E., Sevilla Suárez de Urbina, J.M. (2003). Curso experimental en Química Física. Síntesis- Denbigh, K. (1985). Equilibrio Químico . Madrid. AC- Matthews, G.P (1985). Experimental Physical Chemistry. Boston. Oxford Science Pub- Shoemaker, D.P.; Garland, G.W.; Nibler, J.W. (2009). Experiments in Physical Chemistry 8ª ed.. McGraw-Hill- Levine, I.N. (2004). Fisicoquímica . McGraw-Hill- Sime, R.J (1990). Physical Chemistry: Methods, techniques, experiments.. Philadelphia. Saunders College Publishing
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Sime, R.J. (2005). Physical chemistry calculations with Excel, Visual Basic, Visual Basic with applications, Mathcad, Mathematica. San Francisco: Pearson

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química Física Avanzada/610G01020

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Química Física 3/610G01018

Materias que continúan o temario



Química 4/610G01010

Química Física 3/610G01018

Laboratorio de Química/610G01032

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías